

UGT Servizos Públicos demanda ao Goberno central as modificacións pertinentes para permitir a xubilación parcial con contrato de substitución nas Administracións e Servizos Públicos

Santiago de Compostela 25/11/2021

O sindicato denuncia o **AGRAVIO COMPARATIVO** que sofren os e as empregadas do sector público incluídas no Réxime Xeral de Seguridade Social que, a pesar de cotizar no mesmo, son as únicas persoas traballadoras que non poden acceder a esta modalidade de xubilación.

UGT Servizos Públicos pedirá ao Goberno central que emprenda as modificacións pertinentes para permitir a **XUBILACIÓN PARCIAL CON CONTRATO DE SUBSTITUCIÓN** nas Administracións Públicas. O sindicato considera prioritario que se recoñeza o dereito a esta modalidade de xubilación.

UGT Servizos Públicos evidenciou a falta de interese dos distintos gobernos que evitaron desenvolver as normas en vigor que permitirían o acceso do persoal empregado público á xubilación parcial, escudándose na existencia de diversas clases de empregadas e empregados públicos.

Con esta actitude está a someterse a un **AGRAVIO COMPARATIVO** aos empregados e empregadas do sector público incluídas no Réxime Xeral da Seguridade Social que, a pesar de cotizar como o resto de traballadores e traballadoras, non poden gozar da xubilación parcial, aínda que cumpran os requisitos legalmente previstos (artigo 215 da Lei Xeral de Seguridade Social).

O noso sindicato propuxo ao Executivo unha folla de ruta para acometer as modificacións normativas necesarias que permitan acceder á xubilación parcial tanto ao persoal funcionario de clases pasivas como ao incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social.

Para este último colectivo, os cambios pasarían por incorporar a xubilación parcial no Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP); **cambiar o artigo 215 da Lei Xeral de Seguridade Social**, para que faga referencia ao EBEP e **modificar o Real Decreto 1131/2002**, polo que se regula a xubilación parcial, para engadir ao persoal funcionario.

Para o **PERSOAL LABORAL** deberase negociar en cada convenio de maneira explícita. E, en canto aos **FUNCIONARIOS DE CLASES PASIVAS**, deberase incluír a xubilación parcial no **EBEP, no seu artigo 67 e modificar o Real Decreto Lexislativo 670/1987**, do Texto Refundido de Clases Pasivas.

No ámbito sanitario, para o **PERSOAL ESTATUTARIO** deberíase **modificar o artigo 215 da Lei Xeral de Seguridade Social, para que faga referencia ao Estatuto Marco e modificar, igualmente, o Real Decreto 1131/2002**, polo que se regula a xubilación parcial.

O sindicato destaca que xeneralizar este dereito, clave para as expectativas profesionais e persoais das empregadas e os empregados públicos, non prexudica a sustentabilidade da Seguridade Social e comporta unha serie de beneficios para os servizos públicos como son:

- **Xubilación progresiva e voluntaria** sen unha desconexión brusca coa súa actividade e a posibilidade de transferir os seus coñecementos e experiencia antes da xubilación total.
- **Xeración de emprego na figura do ou da “RELEVISTA”** que, ademais, verase beneficiada da transmisión de coñecementos pola traballadora ou traballador relevado, propiciando unha continuidade na calidade do servizo.